4.6.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Instalación e actualización de sistemas operativos libres e propietarios - Instalación e actualización de sistemas operativos libres e propietarios.	<ul style="list-style-type: none"> Exposición teórico - práctica dos contidos 	<ul style="list-style-type: none"> Localización dos requisitos mínimos de hardware, que necesita un sistema operativo para a súa instalación. Instalación de distintos sistemas operativos nun mesmo disco, realizando particións e configurando xestores de arranque. 	<ul style="list-style-type: none"> Sistemas operativos instalados en máquinas virtuais 	<ul style="list-style-type: none"> Medios audiovisuais, ordenador e sistemas operativos 	<ul style="list-style-type: none"> LC.1 	10,0
Administración de sistemas operativos libres e propietarios - Administración de sistemas operativos libres e propietarios	<ul style="list-style-type: none"> Exposición teórico - práctica dos contidos 	<ul style="list-style-type: none"> Resolución de cuestionarios sobre os contidos 	<ul style="list-style-type: none"> Cuestionarios resoltos 	<ul style="list-style-type: none"> Medios audiovisuais, ordenador e sistemas operativos 	<ul style="list-style-type: none"> LC.2 PE.2 TO.1 TO.2 	10,0
Operacións con sistemas de ficheiros, directorios e permisos - Operacións con sistemas de ficheiros, directorios e permisos	<ul style="list-style-type: none"> Exposición teórico - práctica dos contidos 	<ul style="list-style-type: none"> Resolución de cuestionarios sobre os contidos da unidade 	<ul style="list-style-type: none"> Cuestionarios resoltos 	<ul style="list-style-type: none"> Medios audiovisuais e ordenador. 	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 	10,0
Ferramentas de creación e implantación de imaxes e réplicas de sistemas	<ul style="list-style-type: none"> Exposición teórico - práctica dos contidos 	<ul style="list-style-type: none"> Instalación proceso do sistema operativo de xeito desatendido e personalizando. Clonar discos duros e restaurar imaxes no mesmo e noutro equipo con igual ou diferente hardware. 	<ul style="list-style-type: none"> Sistemas operativos clonados 	<ul style="list-style-type: none"> Medios audiovisuais, ordenador e sistemas operativos 	<ul style="list-style-type: none"> PE.3 TO.3 	10,0
Copias de seguridade de datos - Copias de seguridade de datos	<ul style="list-style-type: none"> Exposición teórico - práctica dos contidos 	<ul style="list-style-type: none"> Resolución de cuestionarios sobre os contidos 	<ul style="list-style-type: none"> Cuestionarios resoltos 	<ul style="list-style-type: none"> Medios audiovisuais e ordenador 	<ul style="list-style-type: none"> LC.3 LC.4 	10,0
TOTAL						50,0

4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	Mantemento e reparación de equipos informáticos	45

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Comproba a funcionalidade dos elementos do sistema, os soportes e os periféricos instalados, utilizando procedementos de test axeitados	SI
RA5 - Realiza o mantemento básico de sistemas informáticos, soportes e periféricos, tendo en conta a relación entre as intervencións e os resultados que cumpra conseguir	SI
RA6 - Recoñece as capacidades asociadas á iniciativa emprendedora, identificando os requisitos derivados da montaxe e o mantemento de sistemas e compoñentes informáticos	NO

4.7.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Verificar que o equipamento microinformático realice o procedemento de acendemento e de POST (1.2 Comprobar a funcionalidade dos soportes para almacenamento de información	1	Técnicas de verificación e test de sistemas microinformáticos	15,0
2.1 Describir as características dos compoñentes, dos soportes e dos periféricos para coñecer os aspectos que afecten o seu mantemento 2.2 Utilizar ferramentas de configuración, control e comprobación de verificación do correcto funcionamento do sistema 2.3 Utilizar as guías de fábrica para identificar os procedementos de limpeza de compoñentes, soportes e periféricos 2.4 Realizar a limpeza de compoñentes, soportes e periféricos respectando as disposicións técnicas establecidas por fábrica e mantendo a súa funcionalidade	2	Técnicas de mantemento de sistemas microinformáticos	15,0
3.1 Describir os elementos consumibles necesarios para seren utilizados nos periféricos de sistemas microinformáticos 3.2 Utilizar as guías técnicas detalladas para substituír elementos consumibles	3	Elementos consumibles	15,0
TOTAL			45

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exigibles	Peso cualificación (%)
CA4.1 Aplicáronse a cada compoñente de hardware e a cada periférico os procedementos de comprobación adecuados	• TO.1	S	6
CA4.2 Verifícouse que o equipamento microinformático realice o procedemento de acendemento e de POST ("power on self test") e, de ser o caso, identifícouse a orixe dos problemas	• TO.2	S	6
CA4.3 Comproboouse a funcionalidade dos soportes para almacenamento de información	• TO.3	S	6
CA4.4 Utilizáronse as ferramentas e as guías de uso para comprobar o estado e a funcionalidade dos soportes de almacenamento e da información contida nestes	• TO.4	S	6
CA4.5 Verifícouse a funcionalidade na conexión entre compoñentes do equipamento microinformático e cos periféricos	• TO.5	S	6
CA4.6 Utilizáronse ferramentas de configuración, control e comprobación de verificación do correcto funcionamento do sistema	• TO.6	S	6
CA4.7 Rexistráronse os resultados e as incidencias producidas nos procesos de comprobación da funcionalidade dos sistemas microinformáticos	• TO.7	S	6

Cráterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA5.1 Comprobase por medio de indicadores luminosos que os periféricos conectados ao sistema teñan alimentación eléctrica e que as conexións de datos estean ben realizadas	• TO.8	S	6
CA5.2 Descríbense os elementos consumibles necesarios para seren utilizados nos periféricos de sistemas microinformáticos	• PE.1	S	6
CA5.3 Utilizáronse as guías técnicas detalladas para substituír elementos consumibles	• TO.9	S	6
CA5.4 Descríbense as características dos compoñentes, dos soportes e dos periféricos para coñecer os aspectos que afecten o seu mantemento	• PE.2	S	6
CA5.5 Utilizáronse as guías de fábrica para identificar os procedementos de limpeza de compoñentes, soportes e periféricos	• TO.10	S	6
CA5.6 Realízouse a limpeza de compoñentes, soportes e periféricos respectando as disposicións técnicas establecidas por fábrica e mantendo a súa funcionalidade	• TO.11	S	6
CA5.7 Recolléronse os residuos e os elementos de refugo segundo as normas recomendables para a súa eliminación ou a súa reciclaxe	• TO.12	S	6
CA6.1 Caracterízouse o perfil de persoa emprendedora e describíronse os requisitos e as actitudes necesarias para a montaxe e o mantemento de sistemas e compoñentes informáticos			0
CA6.1.3 Descríbense os requisitos e as actitudes necesarias para o mantemento de sistemas e compoñentes informáticos	• PE.3	S	6
CA6.2 Valorouse a importancia da iniciativa individual, da creatividade, da colaboración, da motivación e da formación no éxito na montaxe e o mantemento de sistemas e compoñentes informáticos			0
CA6.2.2 Valorouse a importancia da iniciativa individual, da creatividade, da colaboración, da motivación e da formación no éxito no mantemento de sistemas e compoñentes informáticos	• TO.13	N	5
CA6.3 Recoñece os factores de risco inherentes á actividade emprendedora relacionada coa montaxe e o mantemento de sistemas e compoñentes informáticos			0
CA6.3.2 Recoñece os factores de risco inherentes á actividade emprendedora relacionada co mantemento de sistemas e compoñentes informáticos	• PE.4	N	5
TOTAL			100

4.7.e) Contidos

Contidos
Técnicas de verificación e test de sistemas microinformáticos.
Software de test e verificación.
Ferramentas de verificación e diagnóstico de sistemas microinformáticos.
Procedementos de POST ("power-on self test").
Verificación da funcionalidade dos soportes de almacenamento e da integridade da información contida neles.
Verificación da conexión de dispositivos periféricos no sistema microinformático.
Informes de resultados e incidencias producidas nos procesos de comprobación de sistemas microinformáticos.
Comprobación da correcta conexión de periféricos ao sistema.
Técnicas auxiliares de mantemento de sistemas microinformáticos: mantemento preventivo e periódico.
Medidas de conservación e reciclaxe de elementos consumibles.
Procedementos de substitución de elementos consumibles.
Seguridade na manipulación e na substitución de elementos consumibles.

Contidos
Procedementos de limpeza de compoñentes, soportes e periféricos. A persoa emprendedora na montaxe e o mantemento de sistemas e compoñentes informáticos. A persoa emprendedora no mantemento de sistemas informáticos Iniciativa, creatividade, colaboración, motivación e formación na montaxe e o mantemento de sistemas e compoñentes informáticos. Iniciativa, creatividade, colaboración, motivación e formación no mantemento de sistemas e compoñentes informáticos. O risco como factor inherente á actividade emprendedora relacionada coa montaxe e o mantemento de sistemas e compoñentes informáticos. O risco como factor inherente á actividade emprendedora relacionada co mantemento de sistemas e compoñentes informáticos.

4.7.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Técnicas de verificación e test de sistemas microinformáticos - Técnicas de verificación e test de sistemas microinformáticos	<ul style="list-style-type: none"> Exposición teórico - práctica dos contidos 	<ul style="list-style-type: none"> Resolución de cuestionarios sobre os contidos Localización de información en manuais Execución de software de utilidade que realice un diagnóstico do sistema 	<ul style="list-style-type: none"> Cuestionarios resoltos 	<ul style="list-style-type: none"> Medios audiovisuais e ordenador 	<ul style="list-style-type: none"> TO.1 TO.2 TO.3 TO.4 TO.5 	15,0
Técnicas de mantemento de sistemas microinformáticos - Técnicas de mantemento de sistemas microinformáticos	<ul style="list-style-type: none"> Exposición teórico - práctica dos contidos 	<ul style="list-style-type: none"> Resolución de cuestionarios sobre os contidos da unidade Procura de información en Internet sobre aspectos referidos cos contidos 	<ul style="list-style-type: none"> Cuestionarios resoltos 	<ul style="list-style-type: none"> Medios audiovisuais, ordenador e compoñentes informáticos. 	<ul style="list-style-type: none"> PE.2 PE.3 PE.4 TO.6 TO.7 TO.8 TO.10 TO.11 TO.12 TO.13 	15,0

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Elementos consumibles - Elementos consumibles	<ul style="list-style-type: none"> Exposición teórico - práctica dos contidos 	<ul style="list-style-type: none"> Resolución de cuestionarios sobre os contidos Procura de información en Internet sobre aspectos referidos cos contidos 	<ul style="list-style-type: none"> Cuestionarios resoltos 	<ul style="list-style-type: none"> Medios audiovisuais e ordenador 	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 TO.9 	15,0
TOTAL						45,0

4.8.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
8	Almacenaxe e etiquetado de equipamento informático	40

4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA7 - Almacena equipamentos, periféricos e consumibles, e describe as condicións de conservación e etiquetaxe	SI

4.8.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Describir as condicións para manipular, transportar e almacenar compoñentes e periféricos dun sistema microinformático 1.2 Identificar os tipos de embalaxe para o transporte e/ou a almacenaxe de cada dispositivo, periférico e consumible	1	Técnicas de etiquetaxe, embalaxe, almacenamento e transporte de sistemas e compoñentes informáticos	15,0
2.1 Utilizar as ferramentas necesarias para realizar as tarefas de etiquetaxe previas á embalaxe e/ou o almacenamento de sistemas, periféricos e consumibles 2.2 Utilizar os medios auxiliares adecuados para os elementos que se vaian transportar	2	Embalaxe de compoñentes e periféricos dun sistema microinformático	15,0
3.1 Aplicar as normas de seguridade na manipulación e no transporte de elementos e equipamentos 3.2 Recoller os residuos e os elementos de refugo para a súa eliminación ou reciclaxe	3	Seguridade e tratamento, reciclaxe e eliminación de residuos informáticos	10,0
TOTAL			40

4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA7.1 Descríbense as condicións para manipular, transportar e almacenar compoñentes e periféricos dun sistema microinformático	• PE.1	S	15
CA7.2 Identifícanse os tipos de embalaxe para o transporte e/ou a almacenaxe de cada dispositivo, periférico e consumible	• PE.2	S	15
CA7.3 Utilizáronse as ferramentas necesarias para realizar as tarefas de etiquetaxe previas á embalaxe e/ou o almacenamento de sistemas, periféricos e consumibles	• TO.1	S	15
CA7.4 Utilizáronse os medios auxiliares adecuados para os elementos que se vaian transportar	• TO.2	N	10
CA7.5 Aplicáronse as normas de seguridade na manipulación e no transporte de elementos e equipamentos	• TO.3	S	15
CA7.6 Comprobase que os compoñentes recibidos se correspondan co albará de entrega e que estean en bo estado	• TO.4	N	10
CA7.7 Rexistráronse as operacións realizadas seguindo os formatos establecidos	• TO.5	S	10
CA7.8 Recolléronse os residuos e os elementos de refugo para a súa eliminación ou reciclaxe	• TO.6	S	10
TOTAL			100

4.8.e) Contidos

Contidos
Técnicas de etiquetaxe, embalaxe, almacenamento e transporte de sistemas e compoñentes informáticos.
Procedementos e ferramentas de etiquetaxe.
Embalaxe de compoñentes e periféricos dun sistema microinformático.
Precaucións para considerar no traslado de sistemas microinformáticos.
Normativa de prevención de riscos laborais no transporte e na almacenaxe de produtos.
Albarás de transporte.
Tratamento, reciclaxe e eliminación de residuos informáticos.

4.8.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Técnicas de etiquetaxe, embalaxe, almacenamento e transporte de sistemas e compoñentes informáticos - Técnicas de etiquetaxe, embalaxe, almacenamento e transporte de sistemas e compoñentes informáticos	<ul style="list-style-type: none"> Exposición teórico - práctica sobre os contidos 	<ul style="list-style-type: none"> Resolución de cuestionarios sobre os contidos da unidade 	<ul style="list-style-type: none"> Cuestionarios resoltos 	<ul style="list-style-type: none"> Medios audiovisuais e ordenador 	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 PE.2 	15,0
Embalaxe de compoñentes e periféricos dun sistema microinformático - Embalaxe de compoñentes e periféricos dun sistema microinformático	<ul style="list-style-type: none"> Exposición teórico - práctica sobre os contidos 	<ul style="list-style-type: none"> Embalaxe de compoñentes informáticos Resolución de cuestionarios sobre os contidos 	<ul style="list-style-type: none"> Cuestionarios resoltos 	<ul style="list-style-type: none"> Medios audiovisuais, ordenador, compoñentes informáticos e material de embalaxe 	<ul style="list-style-type: none"> TO.1 TO.2 	15,0
Seguridade e tratamento, reciclaxe e eliminación de residuos informáticos - Seguridade e tratamento, reciclaxe e eliminación de residuos informáticos	<ul style="list-style-type: none"> Exposición teórico - práctica sobre os contidos 	<ul style="list-style-type: none"> Resolución de cuestionarios sobre os contidos Procura de información en Internet sobre aspectos referidos cos contidos 	<ul style="list-style-type: none"> Cuestionarios resoltos 	<ul style="list-style-type: none"> Medios audiovisuais e ordenador 	<ul style="list-style-type: none"> TO.3 TO.4 TO.5 TO.6 	10,0
TOTAL						40,0

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

- CRITERIOS DE AVALIACIÓN E DE CUALIFICACIÓN

A valoración do grao de consecución dos resultados de aprendizaxe farase tomando como referencia inmediata os criterios de avaliación establecidos en cada unidade didáctica utilizando os instrumentos e o sistema de avaliación que se describen de seguido.

Os instrumentos de avaliación son os reflectidos no apartado 4.x.f. de cada unidade didáctica.

A nota de cada unidade didáctica farase tendo en conta os criterios de avaliación definidos para esa unidade didáctica no apartado 4.x.d. e os seus pesos. A nota será numérica entre un e dez. O alumnado ten que obter unha puntuación mínima de 5 para ter una valoración positiva na unidade didáctica.

Se seguirán as seguintes pautas:

- O alumnado que non acuda a unha proba só terá dereito a que se lle realice de novo noutra data se a súa ausencia é debidamente xustificada en tempo e forma (de acordo coas normas do centro), mediante un documento médico ou xustificante oficial de similar validez. En caso de non xustificalo, a proba será valorada con 1 punto.
 - O alumnado que durante a realización dunha proba escrita, práctica ou traballo, realice un acto de copia, suplantación ou cambio, obterá unha puntuación de 1 nesa proba/práctica/traballo. A sanción afectará a todo o alumnado involucrado.
 - As prácticas e os traballos teñen que entregarse nas condicións e prazos fixados. En caso de non cumprir con tódolos requisitos esixidos e cos prazos, consideraranse como non aptos.
 - Durante a realización das probas non se permitirá o uso de ferramentas tecnolóxicas que permitan almacenar información, comunicarse co exterior ou acceder a Internet (como móbiles, reloxos intelixentes, etc.), a non ser que na proba se especifique que se poden utilizar. Os dispositivos deberán permanecer apagados e gardados, sendo a súa presenza motivo suficiente para valorar a proba escrita cun 1 punto.
- A nota de cada avaliación calcularase ponderando todas as unidades didácticas que abrangue o trimestre, salvo na última avaliación que a nota dese trimestre corresponderá a nota de avaliación final, explicada máis adiante.
- En cada sesión de avaliación do módulo, emitirase unha nota, un número enteiro entre 1 e 10. Aínda que a nota emitida no boletín sexa enteira, para o cálculo teranse en conta as notas das unidades didácticas con dous decimais.
- En caso de non ter superada algunha unidade (nota inferior a 5) a nota da avaliación será un 4, aínda que a nota obtida das fórmulas anteriores sexa superior a 5.

Avaliación final:

Aqueles alumnos que superen todas as unidades didácticas non terán exame final e a súa nota do módulo será calculada tendo en conta os pesos de cada unidade, indicados no apartado 3 de esta programación, e utilizando unha estratexia de redondeo por truncamento.

É imprescindible aprobar todas as unidades didácticas para aprobar o módulo. Por tanto, se o alumnado non supera na proba final ordinaria todos os bloques pendentes, está suspenso e a nota será a media ponderada de todos os bloques se é inferior a 5 (atendendo á ponderación anteriormente descrita), ou 4 en caso de que a nota media sexa superior.

- MÍNIMOS EXISIBLES

Os mínimos exigibles para acadar a avaliación positiva son aqueles criterios de avaliación que se consideran imprescindible superar para que o alumnado alcance as competencias dos resultados de aprendizaxe. Están indicados como tal en cada unha das unidades didácticas deste módulo nas táboas dos apartados 4.x.d.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

- ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN

O alumno/a que non aprobe unha avaliación deberá realizar a unha proba escrita de recuperación que versará sobre toda a materia traballada na avaliación. A proba de recuperación da primeira avaliación realizarase tras as vacacións de Nadal e a da segunda avaliación ao remate da mesma. A nota obtida en cada unha das recuperacións será a nota do alumno/a para dita avaliación.

Dita proba realizarase baixo as mesmas condicións e criterios de cualificación expresados no punto 5.

O alumnado que tras a recuperación non supere algunha unidade realizará unha proba de recuperación extraordinaria seguindo os mesmos procedementos, instrumentos e criterios de avaliación establecidos para esta proba, detallados no punto 6.b desta programación.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

De acordo coa lexislación vixente en materia de avaliación de ciclos, aqueles alumnos que tiveran un número de faltas superior ao 10% do total de horas do módulo, perderán o dereito de avaliación continua, e terán que facer unha proba final extraordinaria.

O procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito á avaliación continua é o seguinte:

- O alumnado que perdeu ó dereito á avaliación continua pode presentarse a unha proba extraordinaria que constará dunha parte por cada unidade didáctica.

- Xefatura de estudos establecerá o calendario das probas.

- Cada parte puntuarase de 1 a 10 e para superar cada unha das unidades, a nota deberá ser igual ou maior de 5 puntos. A nota final, se sacou un 5 ou máis dun 5, en todas as unidades didácticas, será o resultado de facer a media ponderada de todas as partes empregando a mesma fórmula descrita no punto 5 desta programación. E no caso de non ter superada algunha unidade, será a nota suspensa máis próxima á media calculada ou un 4, en caso de que a media sexa maior que 5.

Neste caso non se valorarán nin os exercicios nin o traballo na aula, polo que a nota corresponderá só ás probas escritas realizadas.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Tendo en conta que a programación é un documento vivo, ao longo do curso farase un seguimento da programación para detectar, se fose o caso, posibles desaxustes na secuenciación, e comprobar que se acadan os obxectivos programados.

No curso se avalían tanto as aprendizaxes do alumnado, como os procesos de ensinanza, a metodoloxía e a práctica docente.

Contémpanse distintos niveis de seguimento da programación e de avaliación da propia práctica docente:

- Avaliación da actividade docente dende o punto de vista do alumnado: Farase un cuestionario ao alumnado de modo anónimo ao final de cada trimestre, con tres bloques de preguntas: avaliación da práctica docente, cuestións sobre as unidades do trimestre, e unha autoavaliación do alumno. Este cuestionario servirá para que o docente analice os aspectos que pode mellorar con respecto a súa metodoloxía de traballo e á programación didáctica.

- Autoavaliación por parte do profesor: O profesor fai un seguimento continuo da propia práctica docente. Para iso, o docente utilizará un caderno diario dixital onde anotará: observacións sobre todo tipo de aspectos (clima xeral da clase, grado de integración dos alumnos, motivación,

actitude, participación, etc.), as dificultades e problemas que xurdan, as dificultades encontradas nas actividades feitas, o tempo empregado polos alumnos para realizar as tarefas, as sesións adicadas as distintas unidades didácticas, os resultados académicos do alumnado, etc. Ao finalizar cada trimestre, o profesor recollerá todas estas impresións na ficha de avaliación da ensinanza por parte do profesor. Cos datos recopilados enriquecerase a programación didáctica para os vindeiros cursos.

O profesor porá todos os datos das fichas de avaliación nunha memoria fin de curso, onde tratará, entre outros temas, a porcentaxe da materia impartida, a realización de modificacións na programación e propostas de mellora para o seguinte curso académico.

Cada mes, realizaranse reunións do departamento de informática para tratar diversos temas, entre os que se encontra o seguimento da programación.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Para a elaboración e o desenvolvemento da programación é necesario ter en conta o nivel do alumnado, para isto, hai que coñecer:

- Nivel de competencia cognitiva ou de desenvolvemento do alumnado.
- Nivel dos coñecementos que teñan construídos anteriormente.

Para acadar, na medida do posible este obxectivo, xoga un papel principal a avaliación inicial. Para iso, realizase unha enquisa ao alumnado para coñecer os coñecementos en relación cos contidos do módulo, os recursos que dispoñen (ordenador e internet na casa...) e a familiarización que ten con eles, para así tratar de determinar o grao de coñecemento sobre determinadas cuestións consideradas de interese para o desenvolvemento do módulo.

Os resultados da enquisa e os que se derivan da comunicación directa entre profesores e alumnado, sobre as súas inquietudes, as ganas que teñen de traballar e aprender, as súas motivacións, etc. son compartidos co resto do profesorado docente e co departamento de orientación durante a sesión de avaliación inicial que se celebra na data determinada por xefatura de estudos.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Medidas de reforzo educativo.

Se o profesor detecta durante o desenvolvemento das actividades de ensinanza/aprendizaxe que o alumno non acada os mínimos esixibles, proporalle a realización de boletíns de cuestións e actividades prácticas de reforzo adaptados a mínimos. O profesor prestará especial atención a este tipo de alumnado durante todo o proceso de ensinanza/aprendizaxe.

Segundo o perfil do alumnado, adaptaranse algunhas das seguintes medidas:

Grupos de traballo heteroxéneos

Traballo práctico realizado integramente na aula, para non desfavorecer ós alumnos que non teñen ordenador na casa.

Explicacións particulares ós alumnos que amosan dificultades de comprensión.

Proposta de actividades complementarias para os alumnos que adquiren máis rapidamente os contidos.

Adaptación do material didáctico a persoas con deficiencia visual e auditiva para que se integren perfectamente na aula.

Proposta de actividades complementarias con persoas con deficiencia visual.

Medidas complementarias.

Si se detecta que algún alumno é capaz de adquirir os conceptos con máis facilidade que os seus compañeiros proporánselle a realización de actividades complementarias, de maior nivel de dificultade, para cada unidade de traballo.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

A sociedade require algo máis que persoas adiestradas para a función específica do mundo do traballo. En todas as unidades didácticas, inculcarase ao alumnado unha serie de valores para contribuir no seu desenvolvemento como persona a nivel individual e social e non só como estudante.

Nas clases se buscará sempre que haxa:

- Atención ás explicacións dadas na clase.
- Disposición ó debate e a posta en común de ideas e novas de informática. Puntualidade na asistencia a clase.
- Participación nos grupos de traballos organizados nas prácticas. Interese pola materia e afán de superación.
- Atención á limpeza dos equipos, e ó seu mantemento.
- Responsabilidade na organización dos datos para o seu uso polas aplicacións. Responsabilidade na elaboración de configuracións axeitadas a casos particulares. Interese polos problemas básicos de seguridade e das precaucións a tomar.
- Afán de investigación na instalación, configuración, mantemento e explotación das aplicacións.

Se fomentará en todo momento a comunicación e diálogo, liberdade e responsabilidade personal, participación, puntualidade e asistencia, respecto polos demais e polo material, uso eficiente dos recursos da aula, hixiene, seguridade e colaboración nas tarefas que poidan xurdir.

Realizaranse prácticas e traballos, tanto individuais como en grupo, onde se fomentará, entre outras cousas: a confianza en sí mesmos, o sentido crítico, a iniciativa personal, a curiosidade, o interese, a creatividade, o espírito emprendedor, a tolerancia, a cooperación na superación de dificultades que se presenten no grupo, a prevención da violencia e resolución pacífica de conflitos, o compañerismo, a solidariedade, a convivencia, a xusticia, a equidade e a educación para a paz.

Os temas dos contidos das prácticas versarán, sempre que se poda, sobre educación ambiental, educación para a saúde e calidade, educación moral e cívica, educación para igualdade entre sexos, prevención da violencia de xénero, e outros temas relevantes relacionados ca educación en valores.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

A nivel de departamento, asistirase ao congreso FP Innova e visitaremos os museos MUNCYT, DOMUS e/ou Casa das Ciencias.